



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CARNOTA

Exposición ao público das listas de contribuíntes das taxas polo servizo de subministración de auga, rede de sumidoiros e depuración de augas residuais, e do canon autonómico da auga. 2º trimestre 2022

Exposición ao público das listas de contribuíntes das taxas polo servizo de subministración de auga, rede de sumidoiros e depuración de augas residuais, e do canon autonómico da auga.

O Concello de Carnota expón ao público as listas de contribuíntes da taxa polos servizos de subministración de auga, saneamento e depuración, e do canon autonómico da auga correspondente ao **2º TRIMESTRE de 2022** por medio de anuncio na sede electrónica e no taboleiro de edictos da Corporación, e no Boletín Oficial da provincia da Coruña.

As persoas e entidades interesadas poderán presentar as suxestións e reclamacións que xulguen oportunas no prazo de 15 días soltos contados desde a publicación deste anuncio no BOP. De non habelas, as listas entenderanse aprobadas definitivamente.

As anteditas listas foron elaboradas pola empresa concesionaria ESPINA & DELFÍN, S.L. e están a disposición das persoas interesadas na casa do Concello de Carnota, Praza de San Gregorio n.º 19, os mércores de 9:00 a 13:00 horas, e na rúa do Cid n.º 2-baixo de Muros, de luns a venres de 09:00 a 13:30 horas (excepto os mércores).

Este anuncio serve de notificación colectiva a todos os contribuíntes consonte o artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, e de anuncio de cobranza consonte o artigo 24 do Regulamento xeral de recadación (RD 939/2005, do 29 de xullo).

Contra a aprobación definitiva das listas das anteditas taxas municipais, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso de reposición, previo ao contencioso-administrativo, perante o Concello de Carnota durante o prazo dun mes que se contará desde que remate o prazo desta exposición ao público (artigo 14 da Lei reguladora das facendas locais (Rd 2/2004, do 5 de marzo).

Contra a liquidación do canon autonómico da auga, pódese interpoñer reclamación económico-administrativa perante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia tamén no prazo dun mes desde que se entende producida a notificación (artigo 49.7 do Decreto da Xunta de Galicia 136/2012, do 31 de maio).

O pago das taxas e do canon pódese realizar nas oficinas de ESPINA & DELFÍN, S.L. situadas na Praza de San Gregorio n.º 19 (Edificio do Concello) en Carnota, de 9:30 a 13:30 horas, os mércores, ou nas da rúa do Cid n.º 2-baixo en Muros de luns a venres (excepto os mércores) de 09:00 a 13:45 horas. O período voluntario de pagamento é de dous meses a partir do día en que finalice a exposición ao público dos padróns.

Transcorrido ese período, as débedas pendentes esixiranse pola vía de constrinximento co recargo de prema, os xuros de mora e as custas que se produzan. No tocante ao canon da auga, a vía de constrinximento será realizada pola Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

Carnota, 7 de setembro de 2022

O alcalde

Juan Manuel Saborido Rama

2022/5602